

DON MANUEL CUIÑA FERNÁNDEZ, Alcalde do Concello de Silleda, en virtude das atribucións que me confire el Artigo 21.f da Lei 7/1985 de 2 de Abril. Reguladora das bases de Réxime Local,

Visto as bases do Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego no Concello de Silleda, ano 2023, que teñen como obxecto fixar as bases reguladoras e convocar a concesión, para o ano 2023 do programa de Axudas Municipais para a Creación de Emprego no ámbito do Concello de Silleda coa finalidade de potenciar e colaborar dunha forma activa na xeración de emprego no municipio apoiando a posta en marcha de novos proxectos e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 34 , do 17 de febreiro)

Visto a base 1.4 da convocatoria, na que a contía destinada a atender estas subvencións ascende a un importe total de 15.000 euros do vixente orzamento municipal con cargo á aplicación orzamentaria 241-470 en aplicación do artigo 58 do RD887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, establécese unha contía adicional máxima de 5.000€, cuxa aplicación á concesión destas subvencións non requirirá dunha nova convocatoria.

Vista a base 2.2 que indica que o órgano xestor publicará no taboleiro e na páxina web do Concello de Silleda o esgotamento da partida orzamentaria e non admitirá as solicitudes posteriores destinadas á subvención, salvo que se produza un incremento de crédito.

Visto a derradeira solicitude que se puido atender, por unha contía de 2.400€, antes do esgotamento de crédito foi a correspondente ao núm. de rexistro de entrada [2023-E-RE-1220](#), de data 4/10/2023; presentada na sede electrónica segundo modelo normalizado (Anexo I), de acordo aos medios previstos na Lei 39/2015, do 1 de Outubro, Lei do procedemento administrativo común das Administracións Públicas.

RESOLVO:

Ordenar a publicación, no Taboleiro e na páxina web do Concello de Silleda, do esgotamento do crédito con cargo á aplicación orzamentaria 241-470, ao abeiro do Programa de Axudas Municipais á Creación de Emprego no Concello de Silleda, ano 2023 pola que se establecen as bases reguladoras de Axudas Municipais para a Creación de Emprego no ámbito do Concello de Silleda e se realiza a súa convocatoria para o ano 2023 (Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra núm. 34 , do 17 de febreiro)

Silleda, na data da sinatura electrónica

Manuel Cuíña Fernández

O Alcalde

Concello de Silleda

